Profesor/a responsable: Juan Carlos Asensi Marzal

Curso ó que vai dirixida: 1º e 2º CSPE

Total alumnado implicado: 15-25 alumnos aprox.

Obxectivo principal: Visitar a feira da construción en Barcelona

Data prevista: Entre o 23 e o 26 de Maio

Duración prevista: 2 días (1 noite) ou 3 días (2 noites)

Custo aproximado da actividade:

Necesidades: Gastos de desprazamento e aloxamento

Breve descrición da actividade: Visita da feira da construción e visita da cidade de Barcelona

Proposta de profesores acompañantes: Yolanda Cabaleiro Barroso

(Ratio: 1 por cada 20 alumnos)

5.2.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Teñen a consideración de extraescolares aquelas actividades que, sendo organizadas polo centro e figurando na Programación Xeral Anual aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo. A participación nelas será sempre de carácter voluntario para o alumnado, e o seu contido non poderá en ningún caso substituír nin ser igual ou semellante ao dunha materia oficial do currículo.

Tradicionalmente non se vén organizando no IES Gonzalo Torrente Ballester ningunha actividade extraescolar, principalmente polas seguintes razóns:

- Falta de interese por parte dos alumnos e das familias.
- O horario lectivo do centro, que remata dous días da semana ás 15:00 horas e tres ás 14.10.
- A procedencia dunha boa parte dos estudantes que veñen de lugares e concellos, en maior ou menor medida, afastados da cidade de Pontevedra, o que obrigaría a dispoñer dun servizo de transporte que os achegase ao centro. E este é un gasto que o instituto non pode afrontalo por si só.

6.- A BIBLIOTECA DO CENTRO

6.1.- INTRODUCCIÓN

A biblioteca do IES Gonzalo Torrente Ballester leva o nome de “Biblioteca M^a Victoria Moreno”, en memoria da profesora deste centro que finou no ano 2005. Ocupa unha superficie de 265 m² con setenta e tres postos de lectura, oito ordenadores con conexión a internet, unha zona de mediateca e máis de catorce mil volumes rexistrados. Parte destes fondos pertencen ao legado de máis de catro mil libros doado pola escritora e profesora M^a Victoria Moreno.

En canto á súa función, á súa organización e ó seu uso, evolucionou cara a un modelo no que este servizo é entendido como unha fonte de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Búscase con esta liña de traballo darlle cumprimento a un dos obxectivos máis importantes de toda institución educativa: formar persoas competentes no tratamento eficiente da información, propoñendo a lectura como eixe transversal.

Por outra banda, a incorporación masiva das tecnoloxías da información e a comunicación á vida social e laboral obriga ao sistema educativa a tomar medidas para facer fronte aos novos desafíos. Novas ferramentas

tecnolóxicas fan precisas novas competencias e a capacidade para integralas de xeito eficaz no medio en que se desenvolve o alumnado. A nosa biblioteca tenta dar resposta a estas demandas integrando a cultura impresa e a dixital, facendo convivir o virtual e o presencial, converténdose nun espazo educativo que facilita o acceso a materiais informativos actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número, seleccionados con criterios de calidade e pertinencia, e orientados cara a todas as áreas do currículo.

Outro rol que debe cumprir unha biblioteca escolar é o de colaborar na construción do lector social, un lector que participe como cidadán activo na súa comunidade, nos problemas que esta teña e na solución destes.

A biblioteca tamén ten que cumprir co obxectivo básico ligado a un servizo das súas características: servir como un espazo para a lectura.

A actuación na Biblioteca do IES G. Torrente Ballester para o curso 2016-2017 preséntase como unha continuación e renovación na execución do proxecto “Un Torrente de saber”, iniciado no ano 2011. Continuidade porque seguen sendo precisos certos trocos que logren o gran obxectivo da nosa idea inicial: “que a gran máquina de *recursos* que é a biblioteca entre na vida cotiá do IES”. E renovación polo cambio tanto na estrutura e na coordinación do Equipo da Biblioteca como na orientación marcada pola lexislación (LOMCE).

A formación de usuarios e educación para o acceso á información e o fomento da lectura e desenvolvemento do plan lector serán os puntos fundamentais do proxecto.

6.2.- OBXECTIVOS

- Recompilar e sistematizar os recursos informativos dos que dispón o centro e darlles publicidade, de xeito que se poida crear o marco adecuado que permita a lectura eficaz, e o desenvolvemento das competencias de procura e tratamento da información e de aprendizaxe autónoma.
- Fomentar a colaboración dos alumnos, das familias e dos departamentos didácticos no deseño de actividades e na ampliación e xestión dos fondos.
- Converter a biblioteca nun espazo integrador da acción educativa e nun recurso útil para os procesos de ensino e aprendizaxe, e para o fomento e a consolidación de hábitos de lectura e escritura.
- Integrar a experiencia lectora como unha máis das actividades de lecer.
- Abrir esta dependencia ó mundo da información impresa e dixital, mellorando a porcentaxe de fondos de información, de publicacións periódicas, de medios dixitais, etc.

- Contribuír ás pretensións do Proxecto Educativo de Centro participando no Plan lecto-escritor, no Proxecto Interdisciplinario, etc., traballando co alumnado, o profesorado, o persoal do centro e as familias.
- Actuar como axente de compensación social ofrecendo a todos os usuarios a posibilidade dun acceso igualitario e eficiente aos bens culturais e aos seus recursos.
- “Sacar” a biblioteca da biblioteca, extendendo a súa presenza a outras zonas interiores e exteriores, como a entrada, a secretaría, a cafetería, os corredores, etc.
- Abrir unha liña de comunicación coa biblioteca pública de Pontevedra e coas bibliotecas doutros organismos e institucións.
- Difundir información sobre o mundo da literatura e a cultura en xeral mediante visitas de escritores, ilustradores, músicos, pintores, etc.

6.3.- A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A coordinadora da biblioteca é a profesora Cristina Ogando Díaz, xefa do Departamento de Xeografía e Historia. É a persoa encargada das seguintes tarefas:

- Asegurar a organización, o mantemento e a axeitada utilización deste espazo e dos recursos documentais que contén.
- Establecer as medidas oportunas para que o profesorado implicado na xestión da biblioteca atenda do modo máis conveniente aos alumnos que fan uso dela, facilitándolles o acceso ás diferentes fontes de información e orientándoos sobre a localización e o uso destas.
- Propagar entre todos os sectores da comunidade educativa información administrativa, pedagóxica e cultural.
- Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e lecer.
- Facer e recoller propostas sobre a compra de novos materiais e fondos para a biblioteca, trasladándoas á Dirección do centro.

Conta coa colaboración dos seguintes profesores:

- Yolanda Cabaleiro Barroso (Ciclo de Edificación e Obra Civil)
- Miguel Casado Jiménez (Departamento de Matemáticas)

- M^a del Pilar Lucas Hernández (Departamento de Lingua Castelá e Literatura)
- Mónica López González (Departamento de Tecnoloxía)
- M^a José Mariño Piñó (Departamento de Bioloxía e Xeoloxía)
- Andrés Martínez Epifanio (Departamento de Inglés)
- M^a Isabel Pintos Poceiro (Departamento de Relixión)
- M^a del Mar Poncela López (Departamento de Matemáticas)
- M^a Jesús Ríos Calvar (Departamento de Lingua Castelá e Literatura)
- Amalia Santiago Esperón (Departamento de Educación Física)
- M^a Isabel Suárez Otero (Departamento de Bioloxía e Xeoloxía)
- M^a Dolores Valiño Ferrín (Departamento de Lingua Galega e Literatura)
- M^a Erundina Veiga Tuimil (Departamento de Lingua Galega e Literatura)

O horario da biblioteca para este curso 2016/2017 será o seguinte:

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.30 a 9.20					
9.20 a 10.10	Mónica López	Yolanda Cabaleiro	Yolanda Cabaleiro	Maribel Martín	Maribel Martín
10.10 a 10.25 RECREO	Mar Poncela Isabel Pintos	Amalia Santiago Cristina Ogando	Miguel Casado Erundina Veiga	Maribel Martín M ^a José Mariño	Isabel Pintos Cristina Ogando
10.25 a 11.15	Maribel Suárez	Andrés Martínez	Mariló Valiño	Pilar Lucas	Isabel Pintos
11.15 a 12.05	Susana Ríos	Cristina Ogando	Cristina Ogando	Andrés Martínez	Yolanda Cabaleiro
12.05 a 12.30 RECREO	Mar Poncela Isabel Pintos	Amalia Santiago Cristina Ogando	Miguel Casado Erundina Veiga	Maribel Martín M ^a José Mariño	Isabel Pintos Cristina Ogando
12.30 a 13.20	Mar Poncela	Cristina Ogando	Cristina Ogando	Cristina Ogando	Cristina Ogando
13.20 a 14.10					
14.10 a 15.00					

A biblioteca desenvolverá a súa actividade de acordo coas seguintes normas:

Normas xerais de presenza e comportamento neste espazo:

- A utilización ou ocupación da biblioteca por parte do alumnado esixe o respecto cara ás súas normas de organización, cara ós demais usuarios e cara ó persoal responsable desta.
- Durante as horas de clase, o alumnado non poderá estar na biblioteca, nin sequera o alumnado sancionado,

agás aquel que conte coa debida autorización por razóns extraordinarias de matrícula ou porque se lle asigne ese lugar para a realización dalgunha actividade.

- Gardarase un silencio absoluto para non interromper a actividade dos demais.
- Colaborarase no mantemento da limpeza, polo que queda terminantemente prohibido a inxestión de calquera bebida ou comida.
- Non está permitido permanecer de pé na biblioteca ou deambulando dun lugar para outro: de non haber sitio onde sentar, será preciso abandonala.
- A biblioteca abandonarase antes de que toque o timbre, deixando no seu sitio correcto as cadeiras e os libros empregados, así como limpo o espazo de traballo.
- O material que se utilice deberá ser coidado coa máxima atención.
- Está prohibido o uso de móbiles e de reprodutores de son, agás os da propia biblioteca cos dispositivos autorizados.
- O incumprimento destas normas pode supoñer a expulsión da biblioteca e implicar a suspensión temporal do dereito a acceder a ela.
- O horario de atención ó público por parte dos membros do Equipo de Biblioteca será o indicado ó comezo deste apartado. En calquera momento da xornada lectiva os profesores que así o desexen poderán facer uso da biblioteca con grupos de alumnos en horas de clase, para o cal será preciso facer a reserva correspondente cun membro do Equipo de Biblioteca. Establécense os seguintes criterios de prioridade para a asignación de horas:

1º Desenvolvemento de contidos curriculares.

2º Realización de gardas con grupos de alumnos única e exclusivamente cando o número de profesores ausentes sexa superior ó de profesores de garda. Neste caso procurarase enviar á biblioteca o curso de nivel superior.

Normas do servizo de préstamo de fondos:

- Todos os materiais bibliográficos (libros, CD's, DVD's, etc.) son susceptibles de ser prestados, agás algúns deles, que poderán ser excluídos do préstamo ou sometidos a un réxime restrinxido. Con carácter xeral non se poderán tomar en empréstimo guías, atlas, enciclopedias, tomos soltos de obras unitarias, dicionarios e libros especiais (doazóns, libros antigos, libros de moito valor, etc.).
- Para poder facer uso deste servizo, será imprescindible a presentación do carné de lector co número de identificación claramente lexible.
- O material tomado en empréstimo é persoal, polo que ningún usuario poderá cedelo a outras persoas.
- Quen desexe tomar prestado algún documento, deberá collelo no estante correspondente e dirixirse con el ó posto de control para rexistralo.

- A duración do empréstito será de quince días naturais, que se poderán prorrogar noutros tantos previa solicitude, se o documento non foi reservado (lista de espera de MEIGA) por outra persoa. Os materiais audiovisuais non son susceptibles de prórroga.
- Realizarase un control estrito dos materiais non devoltos no prazo establecido. Se algún usuario supera o prazo estipulado, será requirido por algún membro do Equipo de Biblioteca para que entregue o documento á maior brevidade posible. No caso de que non o faga nun tempo razoable, será sancionado coa suspensión dos seus dereitos como usuario durante un mes. Se aínda así o documento en cuestión non é devolto, a familia do usuario poderá ser chamada pola Xefatura de Estudos para que interveña. Neste caso a sanción poderase ampliar, segundo o criterio dos responsables da biblioteca, en proporción ó tempo de demora transcorrido ata o momento da devolución.
- A reiteración ó non respectar os prazos de préstamo ou ó non devolver os materiais poderá implicar a suspensión da condición de usuario do servizo e, por conseguinte, a retirada do carné de lector.
- No caso de non devolución dun material, o alumno deberá repoñelo con outro exemplar idéntico. Mentres isto non suceda, ó usuario suspenderáselle temporalmente o dereito a usar o servizo de préstamo.
- Os materiais tomados en préstamo deberán ser tratados co máximo coidado: nos libros non se pode escribir, subliñar, pintar con cores nin abrir en exceso; o material audiovisual debe ser entregado no seu estoxo orixinal. Lémbrese, ademais, que é ilegal a copia total ou parcial destes tipos de materiais (o usuario será o único responsable).
- Se algún documento resulta deteriorado por un mal uso, a persoa que o tiña en empréstito debe repoñelo nas mesmas condicións establecidas para os casos de non devolución.
- O servizo de préstamo de fondos documentais rematará tres días antes do día no que se entregarán os boletíns de notas correspondentes á avaliación final ordinaria de xuño. Neste momento deberán estar devoltos á biblioteca todos os materiais tomados en préstamo, aínda que non rematara o seu período ordinario. Se nesa data algún alumno non devolvera algún fondo documental tomado en préstamo, poderá ser sancionado coa non entrega do boletín de cualificacións.

Normas do servizo de equipos informáticos:

- Os ordenadores só se poden utilizar para facer buscas no catálogo de fondos da biblioteca, consultar o correo electrónico, procurar información (educativa, cultural, xeral...) e realizar traballos de carácter académico.
- Para garantir un correcto funcionamento dos equipos, non se poderá modificar a súa configuración, abrir dispositivos externos sen examinalos co antivirus e instalar programas e accesorios non autorizados polo administrador da rede.
- Un dos equipos a disposición dos usuarios na biblioteca estará reservado en exclusiva para consultar o

catálogo de fondos documentais.

- Sete dos ordenadores a disposición dos usuarios na biblioteca poderán ser empregados para os fins permitidos segundo estas normas. Durante os recreos dous deles quedarán reservados para as actividades de audición musical e visualización de vídeos propostas polo Equipo de Biblioteca (sempre con auriculares). No caso de que non sexan empregados para esta función, poderá facerse un uso corrente deles.
- Cando haxa máis solicitantes que equipos dispoñibles, o tempo máximo que se poderán utilizar os ordenadores será de trinta minutos.
- Para acceder ó servizo de equipos informáticos será preciso estar en posesión do carné de lector e presentalo en cada sesión.
- Os PC's poderanse utilizar de xeito individual ou en parellas.
- Será necesario reservar unha hora na folia de rexistro que estará dispoñible na biblioteca, non podéndose facer solicitudes con máis dun día de antelación. Ademais, cada usuario poderá empregar os ordenadores un máximo de tres sesións por semana.
- Á hora de traballar cos equipos é preciso ter en conta as seguintes consideracións:

- As mans deberán estar limpas e secas.
- Adoptaranse posturas correctas para evitar lesións nos pulsos, costas e pescozo.
- Está terminantemente prohibido manipular as conexións dos ordenadores.
- Non se poderá utilizar baixo ningún concepto o ordenador do profesor.
- O espazo de traballo debe manterse limpo e en orde en todo momento.
- Accederase ós equipos a través da conta de usuario "Alumnos", que carece de privilexios para instalar aplicacións.
- Os materiais elaborados polos usuarios deberanse gardar creando unha carpeta propia dentro da carpeta "OS MEUS DOCUMENTOS" (este cartafol atópase na partición D do disco duro e poderase encontrar un acceso directo a el no escritorio).
- Os ficheiros que se encontren fóra do cartafol "OS MEUS DOCUMENTOS" serán eliminados periodicamente.
- Os documentos de valor ou interese deberán ser retirados do ordenador a través dun medio extraíble, xa que se poderían perder por algún accidente ou pola mala fe dalgún usuario.
- Está prohibido acceder ás carpetas, documentos e proxectos creados por outros usuarios dos equipos.
- Os traballos gardados polos usuarios nos equipos deberán ser retirados destes antes de que remate o curso, xa que durante o verán serán formatados e perderase toda a información neles almacenada.

- Calquera erro no funcionamento dos compoñentes informáticos será comunicado inmediatamente a un membro do Equipo de Biblioteca.
- Cada usuario será responsable dos posibles estragos que se produzan no equipo que utiliza, sempre que estes veñan derivados de usos indebidos.

- Cando se remate de usar un ordenador, os programas, os equipos e as pantallas serán correctamente pechados e apagados.
- Un membro do Equipo de Biblioteca supervisará que todo queda perfectamente recollido e os equipos informáticos apagados.
- O incumprimento das presentes normas poderá dar lugar á suspensión do dereito a usar este servizo e a que se apliquen as sancións disciplinarias que se consideren oportunas segundo a falta cometida.

Normas do servizo de gardas de biblioteca:

Hai dous tipos de gardas de biblioteca: as gardas durante os períodos lectivos e as gardas durante os recreos.

Tarefas nas gardas durante os PERÍODOS LECTIVOS

- Atender os servizos que se ofrecen dende a biblioteca de acordo coas presentes normas de organización e funcionamento.
- Comprobar que o alumnado presente na sala reúne os requisitos indicados para poder estar nela en período lectivo, para o cal estará dispoñible na biblioteca un horario do alumnado con situacións extraordinarias de matrícula (validacións, exencións, matrícula parcial, etc.).
- Comunicar á Xefatura de Estudos a presenza na biblioteca de alumnos que non reúnen os requisitos indicados para poder estar nela en períodos lectivos.
- Os alumnos que se atopen na situación do punto anterior poderán ser enviados á súa aula correspondente polo propio profesor con garda de biblioteca ou a través dun profesor de garda ordinaria.
- Anotar as ausencias do alumnado con situacións extraordinarias de matrícula que debería estar na biblioteca en períodos lectivos, para o cal se creará un documento de rexistro.

Tarefas nas gardas durante os RECREOS

- Atender o servizo de préstamo e outras tarefas técnicas (catalogación e outras cuestións, se a densidade de usuarios o permite).
- Controlar o alumnado na sala e manter a orde, evitando na medida do posible que se produzan violacións das presentes normas ou das xerais de convivencia.

Os profesores con gardas de biblioteca (tanto de recreos como de períodos lectivos) deberán asinar, ó rematar cada hora, o libro de gardas específico desta dependencia para que a Xefatura de Estudos poida levar a cabo o control de ausencias.

7.- INFORME ECONÓMICO

De acordo co establecido na Orde de 1 de agosto de 1997 (DOG de 2 de setembro de 1997), pola que se desenvolve o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, os aspectos económicos do Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares serán recollidos nun anteproxecto económico que constará de dúas partes:

- Informe económico dende o comezo do curso ata o mes de decembro.
- Informe económico dende o mes de xaneiro ata o remate do curso.

Incluirase un terceiro apartado referido ao informe económico da biblioteca.

Non está previsto recibir para ningunha das actividades propostas financiamento de institucións, asociacións ou organismos alleos á nosa propia comunidade educativa.

Este programa será presentado no Consello Escolar para a súa aprobación. Unha vez aprobado será presentado á ANPA para que o estude e nos indique se vai colaborar economicamente ou doutro xeito na súa organización.

7.1.- INFORME ECONÓMICO DENDE O COMEZO DO CURSO ATA O MES DE DECEMBRO

Este informe realízase tendo en conta o orzamento anual xa aprobado para o centro.

Neste primeiro trimestre a previsión de gastos é de uns **2.100€**, sumando o total das cantidades establecidas por actividade. Hai que ter en conta que moitas das actividades están sen estimación de custo.

Algunhas actividades como o magosto, os concursos, as conferencias, etc., serán sufragadas integramente polo orzamento xeral do centro (900€). O importe do resto das actividades (1.200€) serán pagadas polos alumnos asistentes, polo centro e polo departamento responsable:

- 50% alumnos asistentes
- 30% departamento responsable da actividade
- 20% centro

Para este período non contamos con fondos procedentes da convocatoria establecida anualmente para o fomento do uso do galego.

7.2.- INFORME ECONÓMICO DENDE O MES DE XANEIRO ATA O REMATE DO CURSO

Esta sección do informe económico será sometida á consideración da Dirección do centro co fin de que a inclúa, se o considera oportuno, no seu anteproxecto de orzamento do centro.

Neste segundo período está previsto gastar aproximadamente uns **37.600€**, que se poden dividir en:

Actividades complementarias: **9.100€**

Algunhas actividades como o Entroido, os certames literarios, exposicións, concursos, o acto de fin de estudos, o acto de entrega de premios, etc. serán sufragadas integramente polo orzamento xeral do centro (2.450€). O resto das actividades (6.650€) serán pagadas polos alumnos asistentes, polo centro e polo departamento responsable:

- 50% alumnos asistentes
- 30% departamento responsable da actividade
- 20% centro

En función dos fondos que poida obter a través de distintas convocatorias de subvencións, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega tamén poderá colaborar no financiamento destas actividades.

Viaxe de fin de estudos: **28.500€**

A viaxe de fin de estudos celebrarase no mes de abril, será a Cataluña e para os alumnos de 4º ESO e 1º de Bacharelato. O custo aproximado e de 28.500 €, contando cunha participación de uns 70 alumnos. Esta viaxe será custeada polos alumnos que poderán obter cartos para a viaxe vendendo rifas para sorteos e produtos de Nadal, organizando concertos, desfiles, etc.

7.2.- INFORME ECONÓMICO DA BIBLIOTECA

A biblioteca do noso instituto volveu a ser incluída no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, o que supón que contará cun orzamento de **1.800€** para os seus custos de funcionamento, concedidos para unha única finalidade: a renovación e ampliación dos fondos bibliográficos.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Asdo.: _____
Elena Fernández Rodríguez

Pontevedra, 24 de outubro de 2016

ANEXO I

**RESUMO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROPOSTAS
POLOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS E OUTROS ÓRGANOS**

Data prevista	Cursos	Tipo de actividade	Nº	Departamento responsable	Custo aprox
1º ou 2º trimestre	1º e 2º Bach	Charlas/Conferencias: As misións espaciais	1	Física e Química	20€
1º ou 2º trimestres	2º Bach (Fis)	Charlas/Conferencias: Experimentos de Física	2	Física e Química	40€
1º trimestre	1º e 2º ESO	Charlas/Conferencias: Acoso escolar (Plan Director)	3	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
1º trimestre	1º e 2º ESO	Charlas/Conferencias: Riscos internet (Plan Director)	4	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	2º Bach e 2º CSPE	Charlas/Conferencias: Charla xeral sobre a universidade (SIOPE)	5	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	2º Bach	Charlas/Conferencias: A historia da lingua desde os comezos da democracia	6	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
2º trimestre	3º ESO	Charlas/Conferencias: Desmontando os prexuízos e as mentiras contra a Lingua Galega	7	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
2º trimestre	4º ESO	Charlas/Conferencias: Os dereitos lingüísticos	8	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
2º trimestre	3º e 4º ESO	Charlas/Conferencias: Encontro cun escritor	9	E. Dinamización da Lingua Galega	200€
2º trimestre	4º ESO	Charlas/Conferencias: Perigos da utilización das redes sociais	10	Economía	0€
2º trimestre	4º ESO (Eco) 1º Bach (Eco)	Charlas/Conferencias: Qué son os impostos e para qué serven?	11	Economía	0€
1º trimestre	1º, 2º, 3º e 4º ESO 1º e 2º Bach	Exposicións e concursos: Samaín	12	Act. Complement. e Extraescolares	
1º trimestre	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Exposicións e concursos: Postais de nadal	13	E. Dinamización da Lingua Galega	20€
1º trimestre	3º e 4º ESO	Exposicións e concursos: Vídeos gravados co móbil	14	E. Dinamización da Lingua Galega	
1º, 2º, 3º trimestres	1º, 3º, 4º ESO	Exposicións e concursos: Actividades do Centro	15	Artes Plásticas	20€
2º trimestre	1º ESO	Exposicións e concursos: Cartas de amor literarias	16	E. Dinamización da Lingua Galega	20€
2º trimestre	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Exposicións e concursos:	17	E. Dinamización da	100€

		O Sabichón		Lingua Galega	
2º trimestre	1º ESO	Exposicións e concursos: Receitas de entroido	18	E. Dinamización da Lingua Galega	30€
2º trimestre	3º e 4º ESO 1º e 2º Bach	Exposicións e concursos: Concurso on line "Odisea"	19	Latín	0€
3º trimestre	TODOS	Exposicións e concursos: Concursos literarios de poesía e prosa	20	E. Dinamización da Lingua Galega	200€
3º trimestre	1º, 2º, 3º e 4º ESO 1º e 2º Bach	Exposicións e concursos: Fotografía matemática	21	Matemáticas	20€
1º trimestre	TODOS	Festas e conmemoracións: Festival do Nadal (Representación teatral)	22	Act. Complement. e Extraescolares	
1º trimestre	TODOS	Festas e conmemoracións: Magosto	23	Act. Complement. e Extraescolares	
1º, 2º e 3º trimestres	TODOS	Festas e conmemoracións: Conmemoración de datas sinaladas	24	Act. Complement. e Extraescolares	
2º trimestre	TODOS	Festas e conmemoracións: Festival do Entroido (Concurso disfraces e actuación grupo musical)	25	Act. Complement. e Extraescolares	
3º trimestre	TODOS	Festas e conmemoracións: Acto de entrega de premios	26	Act. Complement. e Extraescolares	
3º trimestre	2º Bach e 2º CSPE	Festas e conmemoracións: Acto de fin de estudos	27	Act. Complement. e Extraescolares	200€
1º ou 2º trimestres	4º ESO	Obradoiros: Club de debate	28	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
1º trimestre	2º Bach	Obradoiros: Comunicación de Guerrilla (AGARESO)	29	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
1º trimestre	3º ESO	Obradoiros: Prevención de condutas violentas/Violencia de xénero (Cruz Vermella)	30	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
1º trimestre	1º ESO	Obradoiros: Desengaiolando a Manuel María	31	E. Dinamización da Lingua Galega	100€
1º trimestre	TODOS	Obradoiros: Elaboración de trípticos	32	E. Dinamización da Lingua Galega	100€
1º trimestre	1º ESO	Obradoiros: Posadoiro	33	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
1º trimestre	1º e 2º ESO	Obradoiros: Papiroflexia	34	Matemáticas	0€
1º, 2º e 3º trimestres	1º ESO	Obradoiros: Galeguización das aulas	35	E. Dinamización da Lingua Galega	0€

2º trimestre	1º ESO	Obradoiros: Adicións químicas e comportamentais (Concello)	36	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	2º ESO	Obradoiros: Adicións químicas e comportamentais (Concello)	37	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	1º ESO	Obradoiros: Interculturalidade. Exposición "Mira ti" (AGARESO)	38	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	3º ESO	Obradoiros: Nutrición e alimentación (Cruz Vermella)	39	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	4º ESO	Obradoiros: Prevención de condutas violentas/Racismo e xenofobia (Cruz Vermella)	40	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	4º ESO	Obradoiros: Saúde sexual (Cruz Vermella)	41	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
2º trimestre	2º ESO	Obradoiros: Prevención de violencia de xénero (AGARESO)	42	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	100€
2º trimestre	1º ESO	Obradoiros: Dálle á lingua	43	E. Dinamización da Lingua Galega	20€
2º trimestre	3º ESO	Obradoiros: OPS! O galego, a nosa vantaxe	44	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
2º trimestre	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Obradoiros: Escolas nas ondas	45	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
2º trimestre	4º ESO	Obradoiros: Youtubeir@s	46	E. Dinamización da Lingua Galega	100€
3º trimestre	1º ESO	Obradoiros: Interculturalidade. Teatro foro (AGARESO)	47	Act. Complement. e Extraescolares Dto Orientación	0€
3º trimestre	TODOS	Obradoiros: Ben veñas Maio	48	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
3º trimestre	2º, 3º e 4º ESO	Obradoiros: Recollida de material sonoro	49	E. Dinamización da Lingua Galega	
3º trimestre	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Obradoiros: Semana del Libro	50	Lingua Castelá e Literatura	100€
1º e 2º trimestres	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Outras actividades: Deportes	51	Educación Física	0€
1º trimestre	2º ESO	Outras actividades: Concerto didáctico	52	Música	
2º e 3º trimestres	1º e 2º Bach 1º e 2º CSPE	Outras actividades: Liga de fútbol	53	Educación Física	

2º e 3º trimestres	1º e 2º Bach 1º e 2º CSPE	Outras actividades: Liga de baloncesto	54	Educación Física	
1º ou 2º trimestres	1º Bach (CuCi) 2º Bach (CTM e Xlx)	Saídas didácticas: Centros de investigación en Santiago	55	Bioloxía e Xeoloxía	600€
1º ou 2º trimestres	2º Bach C e D	Saídas didácticas: Porriño-Tui-A Garda-Baiona	56	Bioloxía e Xeoloxía	450€
1º ou 2º trimestres	3º e 4º ESO 1º e 2º Bach	Saídas didácticas: Museo e cidade de Pontevedra	57	Latín	
1º trimestre	4º ESO	Saídas didácticas: Roteiro Castelao	58	E. Dinamización da Lingua Galega	0€
1º trimestre	3º e 4º ESO	Saídas didácticas: Teatro	59	E. Dinamización da Lingua Galega	200€
1º trimestre	1º e 2º ESO	Saídas didácticas: Belén de Valga	60	Relixión	450€
2º ou 3º trimestres	4º ESO 1º e 2º CSPE	Saídas didácticas: Visita a unha empresa	61	FOL	
2º ou 3º trimestres	4º ESO e 1º Bach	Saídas didácticas: Festival de teatro Grecolatino	62	Latín	500€
2º trimestre	1º Bach	Saídas didácticas: Celanova e Ourense	63	E. Dinamización da Lingua Galega	500€
2º trimestre	1º ESO	Saídas didácticas: Salón do libro	64	E. Dinamización da Lingua Galega	100€
2º trimestre	2º ESO	Saídas didácticas: Fábrica Clesa	65	Física e Química	500€
2º trimestre	1º e 2º Bach 3º e 4º ESO	Saídas didácticas: Festival de teatro escolar en Lugo	66	Grego	600€
2º trimestre	1º Bach	Saídas didácticas: Teatro	67	Lingua Castelá e Literatura	600€
2º trimestre	1º ESO	Saídas didácticas: Imatxina (Vigo)	68	Matemáticas	450€
3º trimestre	1º Bach C e D	Saídas didácticas: Praias concello de Sanxenxo	69	Bioloxía e Xeoloxía	450€
3º trimestre	2º ESO	Saídas didácticas: Saída fotográfico-léxico-naturalista	70	E. Dinamización da Lingua Galega	20€
3º trimestre	2º ESO	Saídas didácticas: Sendeirismo	71	Educación Física	
3º trimestre	1º ESO	Saídas didácticas: Sendeirismo	72	Educación Física	
3º trimestre	1º, 2º, 3º e 4º ESO	Saídas didácticas: Igrexas e comedor de San Francisco	73	Relixión	
3º trimestre	3º e 4º ESO	Saídas didácticas: Santiago e a catedral	74	Relixión	600€

3º trimestre	2º ESO	Saídas didácticas: Sendeirismo e Mosteiro de Armenteira	75	Relixión	450€
3º trimestre	4º ESO	Saídas didácticas: Obradoiro de robótica	76	Tecnoloxía	450€
2º trimestre	4º ESO e 1º Bach	Viaxes: Viaxe a Cataluña	77	Act. Complement. e Extraescolares	
3º trimestre	3º ESO	Viaxes: O Bierzo	78	E. Dinamización da Lingua Galega	
3º trimestre	1º e 2º CSPE	Viaxes: Construmat (Barcelona)	79	Edificación e Obra Civil	